


# A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» na Galiza e nas colonias  
d'América e Portugal

ANO MCMXXI



PREZOS DE SUSCRIZON: Na Cruña, ô mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 ptas.  
América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos.—Pagos adiantados


Redaición e Administración: Praza María Pita, 17, baixos, CRUÑA

# Ford

## EL AUTOMÓVIL UNIVERSAL

Prezos dos acreditadísimos automóviles «FORD», que rexiron  
dende o 10 de Nadal do 1920 até a data

CHASSIS COMUN. . . . .	Pesetas	6.750
VOITURETTE para 2 pasaxeiros—aberto con arranque. . . . .	»	8.100
VOITURETTE » 2 » » sin » . . . . .	»	7.450
DOBLE FAETON » 5 » » con » . . . . .	»	8.650
DOBLE FAETON » 5 » » sin » . . . . .	»	7.950
COUPELET » 2 » pechado con » . . . . .	»	10.550
SEDAN » 5 » » con » . . . . .	»	12.200
CHASSIS AUTO-CAMION, con neumáticos . . . . .	»	8.050



Con motivo da recente Real orden do 19 do actual, poñendo en vigor, con lixeiras modificacións, o antigo arancel que rexíu até o mes de Nadal do 1920, os prezos citados sufrirán unha enorme baixa, o que teño o gusto de participar aos numerosos clientes do auto FORD que estiveran agardando esta redución pra merca do mesmo.

Axiña recibirei da «Fábrica Ford», de Cádiz, outra importante remesa de coches e camiós, polo que os interesados en adquirilos axiña poden enviarme os seus pedidos pra evitar demoras na entrega.

Pra informes e toda crás de detalles diríxanse a

**LUIS GRANADOS**  
**AXENTE**

Oficiña, Exposición, Garaxe e Salón de venda de pezas de recambio e toda  
crás de accesorios para automóviles

**Payo Gómez, 5**  **A Cruña**  **Teresa Herrera, 6**



# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL

ANO V — NÚMERO 142 — 15 JUNIO 1921

## SUMARIO

AS ELEIÇÕES PROVINCIAES.—OS SEMPRE RIDÍCOLOS PARLAMENTARIOS GALEGOS.—DIVAGACIÓNS ILLADAS.—PAROLIÑA PILLADA AO VOO.—DE RABINDRANATH TAGORE: O PRINCIPIO E O FIN.—LETRAS IRMÁNS: O PÁTEO DA MORTE.—DE VIGO: TERRA CEIBE!—FOLLAS NOVAS: LIBROS E REVISTAS.—PENEIRANDO.—UN CERTÁME GALEGO EN CORCUBIÓN.

### As eleccións provinciais Por qué non temos intervido n'elas

Ténsese consumado xa a farsada das eleccións provinciais. Xa as coveiras noxentas, rodas dentadas da máquina caciquil ruralista que na Porta do Sol atopa o motor impulsivo—que hoxe manexa o raposo conde de Bugallal—áchanse c'o complotado.

Os nacionalistas tivemos o bô gusto de nos pôr ao marxe d'esta feira oligárquica de credenciás que acaba de se efectuare. E diciremos o por qué, xa que houbo quen dend'as columnas d'un xornal preguntouno fai poucas datas aínda... Porque non hai ata agora na Nosa Terra a vontade cívica precisa para elo. Porque suporía actuarmos en semellantes trapalladas electoreiras un esforzo inútil ao servizo d'unha rota segura. Porque inda de triunfamos, como minorías insignificantes, a nosa voz no seio das coveiras provinciais, tería de ser "vox clamantis in deserto". Nin un Estentor nacionalista habería de se podere facer ouvir entr'os criados dos caciques que levan o nome de deputados.

No víspera, como quen dí, da posíbel entrada no Goberno da Hespaña d'unha situación democrática apoiada condicionalmente por Melquiades Alvarez e Lerroux, que tenciona, entr'outras cousas reformare a Constitución e darlle ás diversas nacionalidades hespañolas un réxime autonomista, sin perxuício de fomentar por todol-os meios, dentro das maiores garantías liberaes, a acción cidadana, a base da chamada representación proporcional, loitarmos para ter ingreso nas moribundas coveiras que ninguén, agás os caciques, estiman como organismos vivos, senon cal xuntanzas artificiosas rifadas co'a Geografía, a

Historia i-o senso común, sería o mesmo que gastar pólvora en salvas.

Nas Deputacións actuaes se non pode facer nada, fora do escándalo. E o escándalo dend'as ruas e dend'os xornaes provócase o mesmo. Outra cousa, non, non é posíbel. Porque os das quintas seguirán sendo quenes eran. Os dos informes e espedentes contr'os concellos rebeldes ao cacique, ídem de lenzo. Os mangoneadores do presuposto, igoal.

Nós non queremos as Deputacións provinciais, senon o acabamento das mesmas. Pidímolo en tódalas nosas Asambleas. Com'o piden cantos pensan e discorren. ¿A qué irmos, pois, a elas?

Nin intentamos nós ire, nin o teñen intentado tampouco os elementos agrarios libres e rebeldes. O agrarismo verdadeiro conta c'os seus focos madores en Pontevedra e n'Ourense. O agrarismo da Cruña e de Lugo, pero da Cruña especialmente, salvo algunhas escepcións, é un pouco sospeitoso, un pouco turbo... Pois nin os agrarios pontevedreses nin os ourensans decidíronse a loitaren, cáseque en ningures. Inda, tendo concellos feitaura do seu esforzo.

Os nacionalistas desexamos o acabamento das Deputacións provinciais artificiosas; queremos un réxime autonomista para Galiza, estruturado n'un supremo organismo rexional. E só aplaudiríamos e axudaríamos, dentro do vello, a aqués que, como un mal menor e como xeito de tránsito para algo mais serio, principio do fin cubizado, traballaran por imporen a Mancomunidade galega. Que inda esta Mancomunidade, afincada nas coveiras noxentas, podería facer espertal-o espírito de cidadanía nas xentes, como demostróuno un dos nosos irmáns n'unha conferencia dada en Vigo fai pouco e como pensa demostralo mais cristaiñamente moi en breve c'un libro que ven escribindo.

Nas eleccións xeneraes e nas dos concellos o noso esforzo quizais poida render froitos xúrdios; nas provinciais, non.

X.

Os viños do Ribeiro

**ARNOYA FINO**

Significan o máximum d-a "delicadeza"

Bodegas da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes—Ourense

Representante na Cruña: **Waldo Losada**

## Os sempre ridículos parlamentarios galegos

Os parlamentarios galegos—¿ulos?—sintense aristocratizados no vello significado da palabra. Para eles as virtudes e merecementos da muller da nosa Terra son mais ou menos dignas d'estimanza, según que a muller pertenza ao pobo ou a crás mais elevada. Acaban de o demostrare agora todos, pidindo, com'un só home, a grandeza d'España para o condado de Pardo Bazán.

Os parlamentarios gallegos—¿ulos?—cando se lles rogu que no Congreso erguesen a súa voz recramando algun agasallo honorífico para as valentes mulleres de Sálvora, fixeron ouvidos xordos ante o rogo. Os parlamentarios galegos—¿ulos?—cando foron bárbaramente refuradas a balazos as nosas aldeanas en Osera, Nebra, Sedes, etc., tampouco se lembraron de que aquelas eran femias da nosa raza.

En troques, agora, para colmaren a fachenda d'unha familia que desexa superar aristocratizarse, todos, á unha, sintíronse voceiros entusiastas. Pois nós non sabemos que honra para a memoria da Pardo Bazán pode ser isa de que a un condado se lle dá grandeza d'España. Honra para a memoria da mña Española adicáralle unha lápeda, xa que en vi Pardo Bazán sería, sin dúbida, que a arcaica Academia cubríndose de vergoña, lle negou o ingreso a que tiña dereito. Honra pra'a memoria da Pardo Bazán sería unha velada d'homenaxe no Ateneo de Madrid e a rotulación d'unha rua da vila podre c'o nome da grande escritora. Y asin pol-o xeito. Pero ¿grandeza d'España? Isa pode conquerila a calquer hora calquer novo rico.

¡Disgraciados parlamentarios galegos estes ridículos cuneiros que usurpan a representación da nosa Terra e non sinten nin o mais cativo remorso ao saberen que a probe viuda do ilustre Víctor Said Armesto—como nos dixo Ortega Gasset vai para lonxe—sofre un triste calvario de miseria, sin facer nada por l'alongar as mans! Cando o Parlamento está concedendo pensións a nais e viudas d'artistas e políticos, nin un só deputado galego tivo a menor lembranza para a que en vida foi digna compañeira do grorioso i-esquencido Víctor. E Víctor Said Armesto si que merecía grandeza da Galiza com'a merecen as probes fillas de Murguía, das que un catalán se lembrou fai tempo para verxoña dos galegos.

Isa grandeza d'España que pidides 'parlamentario de voz controlada—que nin do voso Besada vos lembrades xa porque non pode darvos apoio — é a prova mais crara da cativeza d'alma que tedes no corpo.

¡Qué noxo de parlamentarios e que noxo de pais que os consinte!

¿Serve este tema para unha ponencia d'Estudios Galegos?

Pois este tema i-o que nos ofreceu o "Centro Galicia", de Madrid, no xantar inaugural, loubando c'unha adulonería repugnante, propia d'esclavos, ao Bugallal "benefactor e groría da Terra", sónvos abofé admirabeis.

Z.

## Divagacións illadas

### Primaveira

Campías a froleceren Nos agros xermola a nova vida. A terra despreguizase dimpois do longo sono invernal. A Galicia—apoteosis do verde—semella renascere, adobiándose coa gala xúrdia das froles e o canto trunfal dos paxaros, ateigada de vitalidade pu-

xante e creadora. A Natureza, en colosal concerto de côres, sóidos e matices, entoa o himno trunfal da froitífera fecundidade.

A influencia renascente da primaveira que a todo eisténdese, chega até os fillos da Galicia. E os fillos da Galicia fríos, inmutáveis, con semellas de corpos mortos que automaticamente calmiáronse, amóstranse de unha insensibilidade abraianta, resistentes a toda acción de vida, n-iste despertare magno de naturezas inferiores que hoxe, coá chegada da primaveira, anda a xurdire en todos os orgaismos. Coidárase subsistente encol d'os espíritos galegos, a pauliña abafante d'unha perpetua, d'unha inacabábel invernia.

Mais a invernia, inda sendo longa, non pode sere de cote. Trais dela, axiña ou tardiamente, como unha reparación, offerécese a primaveira. E a primaveira xa chamóu á nosa terra. As suas primeiras froles xermolaron xúrdias e vizosas iniciando o miragre do troque preno que se acaroa. A semente salvadora que tantas veces, mans pladadas, nos tempos que nos denantecederon, depositaron encol da terra amortecida, perdeuse de cote. Os sementadores se non hachaban dados pra o labore. Fallaba n-eles a compenetración íntima coa terra, a súa identificación absoluta con ela, que soio n-istes tempos de primaveira palixenérica puido faguérese abranguibel. E por iso os intentos xenerosos ficaron fracasados.

Hoxe, dimpois da trebonada recente e sen igual, que desgazou vellos troncos estatales, faguendo d'eles xurdideiro de vástagos novos, e trocando o uniforme en vario o complexo en sinxelo, nengunha terra deixou d'amostrare o infruxo da abaladura renovadora. Isto cicais eisprique a nosa manifestación primaveiral.

Na Patria galega tense iniciado o froiteamento da estación fecunda. A xuventude d'estrelas que cantara o poeta deixou de sere unha abstracción pra trocárese en realidade. E isa xuventude, como xúrdia revelación d'un renascimento primaveiral nos seus escomezos, amóstrase ó presente por total-as eistensións da Patria, ainda nos máis esquecidos recunchos, como a salpicadura das froles primaveiraeas na campía, pregoando o trunfo que anda a chegare da nazonalidade galega.

### Noite de San Xoán

Fogueiras como puntiños vermellos en toda a longanza da terra Refrexo escintilante no ceio, que a visión troca n'estrelas. Cantigas a choutaren en todos os beizos novos e aldeáns. Lembranzas rexoubadoras de meigas e de fadas, que n-ista noite bela cobran sen igual atractivo. E nos corazóns latexantes da rapaceiría algueireira e bulidora un como inqueda degoiro de algo que se agarda da, noite fermosamente xúrdia e única.

O chan, en beneficiosa preñez de froitos, abálase satisfeito, cō estremecimento das horas ledas, cando ti ¡oh noite d'espranzas e de somos! acaróaste. E son as fogueiras muxiqueando por outeiros e penedos cal chuvia d'estrelas que choutasen nas somas, como o sinal eisteriquizado d'aquel estremecétese luminoso e solemne.

¡Noite de San Xoán inesquecente e bela como poucas! En ti eiste o atractivo singulare de que na tua chegada reviven os vellos mitos e os ceremoniosos e litúrxicos costumes d'aqueles devanceiros nosos—os antigos celtas dos tempos druídicos — cuio espírito anda a vagare ainda, errante e perdido, na mestura sen par dos bosques galaicos eternamente verdes. Por ti, noite ademirável, unha vez no 'ano o bon patriota lembra a súa obriga ineprazábel e termiñante, que as danzas e os pulos tradicionaes arredor das fogueiras fan evocare, antre o cheirume de



recendentes herbas e o murmuro misterioso das árbores sonoras.

O espírito da lexendaria raza proxenitora, atraído pol-o costume tradicional dos fogos noctebros, n-ista noite de misterio e de poesía, achégase a nós faguêndonos decatare do seu contacto. C'a chamada dos espíritos errantes en incesante inqueda, sen acougo abranguíbel, que eisixen dos seus descendentes a liberación preña da patria común, pra dimpois ficaren acougados no seu eterno sono. E'a chamada imperativa dos vellos celtas que ños donaron a personalidade inconfundível, pra que lles preparemos o acougo de que son merecentes, ceibándoos do castigo torturador e acorante da eisistenza errabunda e inqueda...

Noite de San Xoán, recendente a herbas e a rosas, á que van unidas tantas lembranzas aloumiñadoras dos tempos nenos! Ti tes de sere, no transcurso do tempo, noite trunfal d'evocacións groriosas! Dentro de ti job noite de lëndas arumadas pol-a estación das froles e dos froitos! levas choído un valore simbólico, outísimo, que axiña ten de impórse.

Ramón VILLAR PONTE.

## Paroliña pillada n'un tranvía

No tranvía da rua de San Andrés, o día 3 ás dez da noite, pillámol-a seguinte parola ao voo.

—E seique anda mal o de Padrón e Negreira.

—Sí, eses condenados d'agrarios remexen moito.

—Pois mire que si nos trán á Deputación ao marracho de Vázquez Enríquez...

—Non me faria moita gracia.

Logo os que parolaban d'iste xeito trocaron de tema:

—¿Como trataron a D. Manoel por Alemania?

—Non'o trataron moi ben...

Os paroladores eran un señor baixo, d'apariencia vulgar, de bigote, i-outro de barba branca...

E falaban en galego, non por idealismo senon por ruralismo

Y-eran gasetistas. E quizais empregados da coveira provincial.

Nós despois d'ouvilos puxémonos a cantar "vidalistas".

\*\*\*

Vázquez Enríquez xa é deputado provincial pol-o artigo 29.

Vázquez Enríquez foi dos que fixeron aquel famoso documento, no que se denunciaban cousas feias relacionadas co'as quintas.

O segredario da Deputación sigue séndoo Viturro. Ao darlle a nosa embora a Vázquez Enríquez, que tanto hó do gassetismo ten escrivido en A NOSA TERRA, recomendámoslle o uso de desinfeitantes cada vez que entre na coveira provincial.

Suscribase vostede

A NOSA TERRA

## De Rabindranath Tagore

### O principio

—¿De onde viña eu cando tí m'atopaches?—perguntoulle o meniño a sua nai. Ela, a chorare i-a ríre, respondeulle apreixándoo contro do peito:

—Estabas escondido no meu corazón, coma seu anhe-lo, amoríño; estabas nas monecas dos xogos da miña infancia; e cando, cada mañán, formaba eu a imaxe do meu Deus con barro, facíate e desfacíate a tí; estabas no altar, c'o Deus do noso fogar, e, ao adorare a él, adorábate a tí; estabas en todas as miñas esperanzas e en todos os meus agarimos; viveches na miña vida e na vida da miña nai. Tí fuches creado, século tras século, no seio do espírito imortal que rexe a nosa casa. Cando meu corazón adolescente abría as suas follas, flotabas tí, igual que un arrecendo ao seu redore; tua terra suavidade frolecia logo no meu corpo mozo como, d'antes de saíre o sol, a luz no Ourente. Primeir amor do ceo, irmán da luz da alba, baixaches ao mundo no río da vida e ò fin acougaches no meu corazón... ¡Qué misterioso desacougo me abraía ao te ollare a tí, meu fillo, que sendo de todos fixéchete meu, e que medo a te perderel ¡Así, ben apreixadíño contra do meu peito! ¡Ay! ¿Qué poder meigo tan añudado o tesouro do mundo a estes meus debles brazos?

### O fin

Vomue, ña naiciña, é a hora..... Cando na escuridade azul do amancere solitario e calado os teus brazos anden ás apalpañas a buscal-o teu filliño pol-o leito, eu che dicirei: «¡O neno non está ahí!» Na nai, voume....

Héime trocare n'unha bris macia e velaiña para te aloumiñare. Serei as gurgullas do ár da auga, cando ò bañarte margullas teu corpo n'ela, para te bicare e bicárete sin acougo. Na noite moura de furacán, cando a choiva repinica nas follas, ouvirás d'end'o teu leito meu axirxilante alento, e meu rír sinxelo escintilará no lóstrego que alumee súpetamente tua alcoba pol-a fenestra aberta. Sí, pensando no teu meniño, pasál-a noite desperta, eu, d'end'as estrelas, eiche cantare: «Durme, ña naiciña, durme.» Brincaréi na rayola da lua buligante pol-o teu leito e votareime no teu colo morno mentres durmas. Trocareime no teu sono, e pol-as fendiñas das tuas palpebras, paseñino hei chegar a me afundire no teu repouso; e cando espertes asustada e olles en redor, saírei voando, como unha tremelante volvoreta miudiña. Na festa grande de puja, cando veñan a brincar en na casa os nenos do veciño, deitarei eu na cantiga cristaiña da flauta e latexarei todo o día, no teu corazón. Tía tragnerá lilailas e preguntará: «¿E o neno, onde está, irmanciña?» Tí, ña nai, dicirásllé docemente: «Está nas meniñas dos meus ollos, está no meu corpo, está na miña i-alma.»

### LETRAS IRMANS

## O Páteo da Morte

Quem a deshoras passar pela rua da Bandeira em Vianna do Castello ha de sentir, através de largo portão encimado por velhas pedrarias, gritos dolorosos, por tal modo lacinantes que, se tiver coração, ha de escutar, calando o ouvido, com intenção de defender a pobre moça que tão amargurada parece estar. Moça é, e das mais bellas; a voz, apesar de repassada de angustias, vibr tão argentina e acariciadora, que não ha imaginação que não advinhe estarem ali imersos em pranto requintes de gentileza.

Pelas palavras entrecortadas de suspiros descobrirá novella de amores. Tal vez, ha de pensar o

viandante, só chorem assim nos seus leitos de virgem as mulleres que se illudiram num primeiro amor, lágrimas capazes de abalar pedras se visitas fossem, mas tão recatadas e sósinhas, que nisso mesmo está o seu encanto, e nesse encanto a falta de remedio. Mas a desgraça é outra, e por ventura maior que a desillusão; e é certo que as pedras se abalam!

Se o vello portão se abrir a empuxão que lhe deres, e um raio de luz illuminar a escena, verás em páteo espatoso a estatua de um cavalleiro antigo; e tudo será silencio. Para onde fugiu essa mulher que te incendiára a imaginacao?

Não sei; mas não te approximes da estatua, não procures sobretudo descobrir atrás d'ella algum vulto que se esconda; senão, ai de ti, que prestes golpe de espada invisibel te deixará mal ferido.

Nessa casa viveu ha séculos Brites. Quezado; senhora da mais extremada belleza e de prosapia tão entroncada em visigodos que não havia ali Entre Douro e Minho quem se lhe aventajasse em fidalguia. Alta, magra e flexibel, branca e loira, é como a pintan os cronistas; e dizem elles e diz o povo, que mais conhece retratos de lendas tinha a contrastar com a alvura da tez e o doirado dos cabellos, uns olhos negros, tão negros, que ainda ninguém vira uns olhos negros assim.

Os attractivos da donzella eram muitos: á altivez de raça ella podéra unir taes primores de bondade, que nenhuma outra conseguia nem mais respeito nem maiores enthusiasmos. Era por isso requestada pelos grandes senhores da villa e arredores.

Logrou primazia no coração de Brites, Lopo da Rocha, esbelto moço de elevada estirpe e sentimentos altos; e, apesar de todo o empenho dos pais d'ella em desposal-a com seu primo João de Alvim, os impulsos do amor foram mais fortes que a insistencia da familia.

Por igual a adoravam o noivo que lhe destinavam e aquelle a quem ella entregára a sua fé.

Haviam-se entendido os dois, Brites e Lopo embora ainda só em segredo, não deixou de o perceber João de Alvim, que a pouco e pouco se foi afastando, e retrahindo num silencio torvo, promettedor de virganeas.

Principiu a alvorecer; o sarau ia findar na casa da rua Bandeira. Lopo da Rocha, ao despedirse da sua desposada, supplicara-lhe que fitasse nos seus olhos d'ell dizendo que, semelhante ao nadador, que antes de mergulhar enche os pulmões de ar puro, así pretendia elle armazenar no coração o olhar da mulher a quem tanto amara. Parecia-lhe—acrescentou—que nesse olhar levava um pedaco da alma estremecida.

Esta conversação passara-se no vão de uma janella que abria sobre o páteo.

Brites sorriu da comparação, e graciosamente fitou muito, muito, os seus olhos nos do moço apaixonado. Com tao indizivel ternura se quedaram assim os dois, que bém podia ter vindo d'ahi a conhecida quadra:

Tenho os olhos tão pregados

Nesses lindos olhos teus,

Que, de tanto se encontrarem,

Já nem sei quaes são os meus.

Loucuras de namorados, que a leitora de hoje, nascida em época tão avessa a romanticismos, ha

de perdoar, por quem é, aos que viveram em tempos que em tudo se extremavam tanto dos actuaes. Ou os sentimentos eram então mais fortes, ou porventura o modo de os exteriorisar menos sujeito a convenções.

Por isso foi que Brites, ao terminar o enleio, disse:

—Levas a minha alma inteira. Viva ou morta, serei sempre tua.

—Juras?—perguntou o fidalgo, perturbado, e como se lhe houvesse passado pela mente algum sentimento.

—Porque empallideces? — inquiriu a donzella assustada.

—Jura—instou elle, tomando-lhe uma das mãos e apertando-a desusadamente.

—Juro! Viva ou morta, serei sempre tua, e seguirei a tua sorte no mundo e na eternidade!

Saiu o cavalleiro, e, ao chegar ao páteo, como ia distrahidamente, rosou pelo hombro de um embucado.

—Cautella quando passardes, vellão!—exclamou o desconhecido.

—Mentis!—redarguiu Lopo da Rocha, levando a mão ao espadim—Villão sois vós, que injuriais quem vós não offende.

O vulto largou a capa. A luz ténue do crepúsculo viu Lopo da Rocha que tinha defronte seu rival João de Alvim.

—Villões são os que fazem villanias—disse este—e requestam fidalgas ricas ás escondidas de seus pais. Villão sois Lopo da Rocha!—e vibrou-lhe golpe tão valente e inesperado que lhe rasgou as entranhas.

O agredido recuou dois passos; ia talvez morrer sen vingança. Neste momento apparecia no alto da escada Brites, acudindo ao ruido. O mancebo, prestes a desfallecer, chama a si toda a coragem, aperta com a mão esquerda a larga ferida, e avança para o adversario, enterrando-lhe no peito o espadim. João caiu morto, e morto cahiu sobre elle Lopo da Rocha.

Por que foram os dois cadaveres sepultados no páteo, não o poderemos dizer; affirma-o a tradicao, e quanto basta; e diz tambem que sobre a campa de Lopo da Rocha foi collocada a estatua que lá vemos ainda.

Brites enlouqueceu, e, durante os poucos annos que lhe restaram de vida, ia todas as noites, á hora em que fizera o seu juramento de amor, olhar fito para os olhos d'essa estatua. Não consentia que ninguém na acompanhasse; mas pessoas curiosas, que uma ou outra vez iam espreitar, affirmavam que a pedra, trasmudada em figura com vida, se mexia e falava!

Morreu a desditosa; mas o seu espirito continuou sempre na sua missão de caridade e amor! As horas mortas da noite lá apparece no páteo a formosissima senhora. Crava os seus olhos negros nos olhos da estatua, que pouco a pouco se transformava em cavalleiro solícito e apaixonado.

Por instantes a felicidade dos dois é perventura completa; depois succedem-se as tristezas e as lágrimas, o que é naturalismo, porque os amores das almas penadas devem ter o mesmo fel dos nossos, ou elles não fossem amores.

E, acabada a singela narrativa, peço ao leitor que imagine, se puder, o que seria o olhar d'aquelles olhos negros, tão negros, que nunca mais ninguém viu uns olhos negros assim!



DE VIGO

## Terra ceibe

## Aos bos galegos

N'a derradeira xunta celebrada pol-o noso concello municipal, tratouse d'unha instancia firmada pol-os membros que asistiron a terceira Asambreira Nazionalista, feita n'ista cidade, en que afincaban a petición presentada pol-a "Mecedad Galeguista de Vigo" pidindo que n'os autos oficiais ondeara n'o Pazo Municipal, y-a carón d'a bandeira hespañola, a Bandeira d'a Nosa Terra.

A moción presentada, falla de apoio por insuficiencia de dinidade d'os que din chamarse galegos e soio, como dixo certa escritor, "son galegos n'a partido de nacemento", foi por unanimidade votada en contra.

Ista "unanimidade" redúxose a tres concelleas que tomaron a verba pra espallar os tópicos de cote, mais dexenerados aínda pol-a sua incultura, e dous mais que asintiron a ises tópicos co-a concencia chea de lan.

Tamén había outro concellal, o mais chamado a prestar o seu apoio, que saiu n'o intre en que se puña a discusión a instancia. Pra iste desleigado e mal fillo de Galicia, temos o desprezo que todo o noxento produz ás persoas.

A quen, mais que pol-o seu saber y-a sua axuda (que pra si a garde) pol-a sua constanza en esmolar y-arrastrarse, chegou a ocupar o posto a que chegou de membro académico, mirámol-o con lástema.

E pra os tres asalariados d'unhá patrioteiría ruin e baixa de seu, teríamos mais que verbas "ramaxe d'amieiro", pra contennos o respeto a vellez y-a decadencia.

Soio eisi, contando c'o prestixio d'unha cabeleira ruza, se pode falar como iles falaron e dicir que o idioma castelán debe ser o úneco; soio eisi se pode sentenciar (sentenza d'escrav) d'a dita Inoranza) que a bandeira d'os galegos debe ser a hespañola.

O noxo y a vergoña chegan a nós en rafaxes fundamentalmente carraxosas, que nos abrigan a non poder calar a nosa protesta. A única Patria que reconecemos, Galicia, ten a sua fala i-a sua Bandeira, Bandeira que nós ollamos como insinia d'a nosa raza, a raza céltiga, forte e domiñadora, que si vai decaindo e a forza d'a intrusión hespañola que nos vai enchendo de sangue sin coor e sin vida, sangue escrava. Isto e o que nós temos por hespañoes; e certamente que tal herdo non merez outra defensa que a d'os profesio-naes d'o patrioteirismo trasnoitado que fixeron a derradeira.

Pro quizais fixesen ben en votar en contra. Sóbora de todo que despois d'o discurso d'un d'os concelleas falando d'os ríos de "sangue e ouro", a nosa Bandeira que só os ten de ceo, iba a desaparecer moito co-a hespañola. Anque nós coidamos que a que desmerecese non sería a que quer conquistar o mundo co-a luz d'unha Nova Civilización, senón a que o quixo conquistar co-a forza d'as armas; cousa que tamén fixo Atila.

Nós galegos verdadeiros, os "bos e xenerosos", lembrándonos ben de que a nosa Bandeira é a azul e branca, fagamos que denantes d'ondear n'os Pazos de noxentos concellos, tremale n'os nosos peitos; e despois de que eisi sexa xa ondeará n'os concellos, pese a quen pese doándolles o prestixio d'a sua pureza.

Y-o tomar como aldraxe o labor d'ises concelleas que confunden a cotío o patriotismo co-a patrioteiría; o renegar d'iles coma d'extranxeiros, sexa soio coma un pulo que nos force a non decair, a que loitemos

de novo, que a Luz d'a Xustiza está a chegar hastra nós y-a Liberdade de Galicia ven por propia virtualidade! co-ila chegará a hora de que nós teñamos pra iles a cavaleirosidade qu'iles non souperon ter con nosco.

E a todol-os seus desprantes teatraes, con que queren encarantoiñar unha impodente agunía, contestemos cheos de azo e Fé.

## TERRA A NOSA

Xavier Soto

Manoel-Antonio

Isto publicado n'unha folla, espallouse pol-a cidade de Vigo. E un documento valente e rexo, que honra aos firmantes d'ele.

## Certame artístico-musical en Corcubión

Según nos anuncian, terá de facerse na vila de Corcubión en a data do 26 do prosimo Setembro, un certame artístico-musical, organizado pol-a sociedade da nomeada vila "Liceo d'Artesanos" e baixo as seguintes bases e condicións:

## Literatura e Poesía

1.º premio. Diploma d'honore e obxecto d'arte á composición poetica de geito ledo que non suba de 150 versos, e tratando de asuntos gallegos.

2.º premio.—Diploma, accesit e obxecto d'Arte ao romance sobre a tradicion da vila de Corcubión.

3.º premio.—Diploma accesit e obxecto d'Arte á novela curta de costumes da Terra.

4.º premio.—Diploma e 50 pesetas ao saudo mellor escrito en idioma gallego, prosa ou verso en obsequio aos nados na vila de Corcubión. (Os traballos teñen de ser escritos en idioma gallego).

## Declamación e Música

1.º premio.—Copo de prata. Regalo da sociedade "Liceo d'Artesanos" en Corcubión á dona que mellor diga no piano a "Alborada" de Veiga, ou unha composición musical gallega de libre elección.

2.º e úneco.—200 pesetas. Regalo do "Casino Recreo" en Corcubión á agrupación que represente en idioma gallego, unha comedio ou farsada en dous actos no teatro do "Liceo d'Artesanos", en Corcubión.

NOTA.—Os traballos teñen que ser mandados antes do 15 de Agosto ao presidente ou segredario da dita sociedade "Rua Porrúa", Corcubión, en sobre pechado c'o lema de costume, e outro sobre pechado, contendo o nome do autor.

Para tomar parte na representación a colectividade ou xuntanza que queira conquistar o premio, solicitará a inscrición na segredaria do "Liceo", mandando ao mesmo tempo un examprar da obra que traten de representar. As donas que queiran tomar parte na festa musical aspirando ao premio, poden mandar á dita segredaría o seu nome, apelido e señas do seu domicilio.

FOLLAS NOVAS

# Libros e Revistas

### "Diario de Lisboa".

E'un novo jornal da nación veciña moito moderno e ben feito, que ollamos cotianamente con grand'interés.

"Diario de Lisboa" traballa pol-a independencia espiritoal i-económica, da Lusitania gloriosa. Traballa tamén pol-a imposición d'un estado d'orden, liberdade e democracia no seu país.

Cuanto á Galiza, como pobo afín á raza portuguesa, convida a unha estreita alianza d'amore. E pensa por iso na organización d'unhos Jogos Floraes lusocallaicos.

"Diario de Lisboa" simpatiza c'o movemento da Irlanda e condena, como outrora Guerra Junqueiro, a bárbara cobiza dominadora da Gran Bretaña.

"Diario de Lisboa" moito porá ajudar á causa da redención da nosa Terra do xugo castelão.

### "Boletín irlandés".

Vimos recibindo este boletín que envia o Comité da República irlandesa en Madrid a cantos solidarizan co'a causa d'aquel pobo tan querido pol-o noso.

As informacións que publica, tratamos de facelas coñecer a tódol-os que sinten como cousa de alta xusticia a liberdade da irmá Irlanda.

### "La Revista", de Barcelona.

O derradeiro número é tanto interesante como

mais. Publica un estudo de Adrian Gual encol do teatro catalán, digno de se lêre. Publica tamén, entre outras cousas, unha impresión acerca de Baudelaire e unhos pensamentos de López-Picó moi plausibles.

### "Luz", de Compostela.

Comenzou a se publicare en Santiago un boletín que leva ise nome e que ten por bandeira a do galeguismo.

Na "Luz" ollamos traballos moi interesantes. Y só un fallo de xeito: o de por a Linares Rivas pol-os cornos da lua, cando ninguén na Hespaña, que se teña por intelectual ou por home culto, cré nos merecementsos d'ise pobre infeliz tan valdeiro de miolo como farto de vulgaridade.

A "Luz" pol-o demais, é un boletín moi simpático e ben escrito.

### Outras publicacións.

"Ceú Azul", revista de Aveiro, Portugal, que saudamos con verdadeira simpatía.

"El Eco de Galicia" e "Galicia", da Habana; "Heraldo Gallego" e "Acción Gallega", de Bos Aires. Estes boletíns dos nosos compatriotas das Américas, cá-seque sempre provan a súa desorientación dolorosa respecto aos problemas da Terra.

## PENEIRANDO

Limos unha das ponencias aprobadas na derradeira Asambleia reformista. A referente á cuestión agrícola. N-ela fálase de tal cuestión e dos problemas que orixina, faguendo caso omiso de Galicia. Cal si o Estado hespañol fgra integrado sojamente pol-o centro, mediodía e levante; ou como si Galicia non fora país de importancia agrícola estraordinaria e, pol-o mesmo, merescente de se tere en conta.

Houbo, pol-o tanto, un esquencimento. O eterno esquencimento do centro pra nós. Pois mentalidades mesetanas, inda que na Meseta non moren máis d'elas, son as que integran o reformismo.

O reformismo, pois, non sabe ou non quere saber qu'eisistimos, inda que ben recentes están as derradeiras eleccións xeneraes nas que con tanto interés pertendeu aproveitárese da inconscenza galega. Eis unha lección pr'os inxenuos e trabucados electores de Redondela.

O reformismo desconece, ou aparenta desconecer, a nosa eisistencia como pobo de características propias.

\*\*\*

Dixeron que o caquismo prietista ficara desbotado en Compostela dende as derradeiras eleccións. Nós, ó sabelo, coidábamos que con él ficaría tamén desbotado o "senso de rueiro" que alí imperaba na resolución de total-as cuestións. Mais non foi eisí.

E boa proba de que o devandito é disgraciadamente certo, vivémola cò asunto do oferescemento da Escola da Veterinaria pra coartel. E de novo voltaremos a tere outra—ben ostensibel, por certo—coa designación de Rector para a Universidade.

Según nos informan persoas que nos merescen o mais firme crêto, o "Branco" do "Riveiro" cotízase hoxe moi outo. E por nós que non flique. Adiante.

Hai rexeneracións que non serán positivas endexa-mais, como se non escomece por destruíre totalmente.

\*\*\*

Publicou un artigo "El Ideal Gallego" no que asegura que a Rainha doña María Cristina, fala, inda que con acento estranxeiro, moi ben a lingua da nosa terra, da que é unha grande admiradora.

A moitos cursis agora lles parecerá doce e fermoso o galego por falalo unha dona coma María Cristina.

Pois moitas rainhas o faloron antes que ela. Y-a maioría do noso pobo fálao aínda.

Quenes o non falan son os señoritos valeiros e algunhas entidades que se chaman enxebres e galeguistas.

Pois millor para doña María Cristina se concece o galego.

\*\*\*

A Cámara de Comercio da Cruña quixo tragar ao Sr. La Cierva a dar unha conferencia acerca do seu kolosal plan de recostitución.

Afin impúxose o bñ senso.

Pero inda hai quen cré no tiburón murciano.

Home, non amoquen.



**AVISO COMERCIAL**

Si queredes un automóvil bô e barato, lembraivos dos "Ford", e falade c'o axente d'esta Empresa don Lois Granados.

Víños do Ribeiro superiores, véndeos D. Waldo Losada.

Para facilidades nos negocios o Banco Hispano-Americano i-o Banco Español del Río de la Plata.

Taxidos nacionaes e estranxeiros superiores 'nos Nuevos Almacenes Coruñeses.

Ouxetos para pesca, toda clás d'efeitos navaes, Bertrán e Mirambell e Paulino Freire.

Tódol-os libros modernos e cousas d'escritorio e imprenta, no afamado establecemento de Zincke Hermanos

Víños de mesa, de López Heredia, o coñac Domecq i-o vermouh Cinzano hai que llos pedire a D. José C. Juncosa.

Camisas, corbatas e guantes no comercio de don Enrique Roca.

Planchado de moda i-económico nos talleres Novelty.

Para encaixes de fío a man i-aplicaciós, D. Alfredo Lastres Canosa.

Medicamentos i-específicos na millor Farmacia galega, a de López Abente, na Cruña.

O Gran H. Universal, de Lugo, é moi loubado por tódol-os viaxeiros.

A casa de baños mais recomendabre da Cruña é "La Salud", do Sr. Dorrego.

Unha das Sastrerías preferidas pol-os que saben vestir ben en Vigo é a de José Varela da Costa.

Aos nosos irmáns que teñan necesidade d'emigraren recomendámossles o Lloyd Real Holandés, a Compañía Trasatlántica Francesa, a Chargeurs Reunis i-a Sud-Atlantique.

Leede "Nós", a gran revista galeguista d'Ourense, que dirixe Vicente Risco.

Anunciade 'en A NOSA TERRA, boletín que ten mais de seis mil lectores na Galiza, nas Américas e Portugal.

# Lloyd Real Holandés

**ANSTERDAN****KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD**

Servicio rápido por vapores correios desd'a  
Cruña e Vigo cada tres semanas

**Línea de América do Sur**

Vapor	correio	rápido	. . .	«LIMBURGIA»
Id.	id.	id.	. . .	«Brabantia»
Id.	id.	id.	. . .	«GELRIA»

**Línea de Cuba-Méjico e Nova Orleans**

Vapor	correio	rápido	. . .	«HOLLANDIA»
Id.	id.	id.	. . .	«FRISIA»
Id.	id.	id.	. . .	«ZEELANDIA»

Admiten pasaxeiros de Primeira, Segunda, Intermedia e Terceira crase.

As prazas teñen que solicitárense con anticipación.

Informará sobre precio de pasaxe e cabida

**D. Raimundo Molina e Couceiro, -Consignatario na Cruña e Vigo**

# Banco Español del Río de la Plata

**Sucursal na Cruña - Casa matriz: BOS AIRES****FUNDADO EN 1886**

Capital. . . Pesos 100.000.000'00 m/ ou sexa Ptas. ouro 220.000.000'00

Fondo de reserva (inerada prima a recibir) Pesos 50.055.224'97 m/ ou sexa Ptas. ouro 110.121.797'93

Ten sucursaes nos puntos seguintes:

REPÚBLICA ARXENTINA: (Casa matriz, Bos Aires), ROSARIO DE SANTE FÉ, BAHÍA BLANCA e principais prazas da República

NO URUGUAY: MONTEVIDEO — NO BRASIL: RIO XANEIRO

EN EUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XÉNOVA E HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus clientes toda crás de operaciós bancarias nas condiciós máis favorabeis e acretará intreses nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas estranxeiras a tipos excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual . . . . .	2	por	100
En Caixa de Aforros, con libreta hasta 1.000 [ptas., . . . . .	3	"	"
En prazo fixo de tres meses . . . . .	3	"	"
Idem id. 6 meses . . . . .	3 1/2	"	"
Idem id. un ano. . . . .	4	"	"
A máis prazo . . . . .	convencional		

Direición telegráfica y telefónica: SPAINBANK.

# COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidade  $\equiv$  Servicios directos dende o porto da Cruña

Próximas saídas DIREITAMENTE pra Habana e Veracruz

Vapor **FLANDRE** 8 de Xunio  
" **ESPAGNE** 29 id.

Prezo en Cámara para o vapor **FLANDRE**

		HABANA	VERACRUZ
Primeira crase (varias categorías)	Ptas.	1.350 a 3.600	1.475 a 3.900
Segunda crase	"	1.100	1.200
Preferencia	"	950	1.010

Prezo en Cámara para o vapor **ESPAGNE**

		HABANA	VERABRUZ
Primeira (varias categorías)	Ptas.	1.650 a 5.000	1.800 a 5.250
Segunda.	"	1.100 a 1.125	1.200 a 1.225
Preferencia.	"	950	1.010
TERCEIRA CRAS	"	550	600

A estos precios hai que añadir os impostos

Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.  
Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

**D. NICANDRO FARIÑA**, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA

# COMPañÍA CHARGEURS REUNIS

Compagnie Francaise de Navigation

Línea Brasil-Plata

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bos Aires sairán d'este porto os mágnificos vapores rápidos a dobre hélice e de 10.000 toneladas

27 de Xunio **LIGER** | 3 de Xulio **CEYLAN**  
13 de Xulio **DESIRADE**

Estos vapores ademiten pasaxeiros de 1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup> económica e 3.<sup>a</sup> crás.

Prezo do billete en 1.<sup>a</sup> crás a Río Xaneiro, ptas. 2.028; a Santos, 2.084; a Montevideo, 2.364; a Bos Aires, 2.448

En 2.<sup>a</sup> intermedia, a Río Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos Aires, ptas. 973'75

Prezo en terceira, 484'60 pesetas

NOTA.—Nenos menores de 2 anos, un gratis por familia; de 2 a 5 anos cuarto pasaxe; de 5 a 10 anos, medio pasaxe; maiores de 10 anos, pasaxe enteiro  
Para toda clase de informes dirixirse aos Axentes Xeneraes para España:

**ANTONIO CONDE (Hijos)** Telegramas: CHARGEURS-Plaza de Orense, 2-CRUÑA

# COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Saída do porto da Cruña para Bahía, Río de Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos-Aires

O día sairá da Cruña o paquete correo

de 10.000 toneladas, admitindo carga e pasaxeiros.

		Pernambuco	Bahía	Río Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
En primeira crase.	Ptas.	1.215'90		1.506'90	1.555'40	1.700'90	1.749'40
En segunda crase.	"	894'95		967'70	991'95	1.064'70	1.113'25
En segunda intermedia.	"	690'50		690'60	690'60	690'60	690'60

Prezo do pasaxe en 3. crase a Brasil, Montevideo e Bos Aires (incurridos impostos), **Pesetas 485'60**

Para mais informes dirixirse aos seus consinatarios:

**ANTONIO CONDE (Fillos)** Praza d'Ourense, 2--A CRUÑA